



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BÁGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGO S' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

#### PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadelos pequenos ó mês—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

#### COMO AND' A HIXENE PÚBLICA

Unha d' as épocas d' o ano mais piligrosas pr' a salú pública é sin disputa algunha o yrau; entre outras cousas pol-a alimentacion, y-os municipios, que son os mais directamente encargados de velar por ela, non deben darse descanso algun en canto á vixilancia qu' é necesario exercer pra evitar que tanto n-os postos d' as prazas como pol-os vendedores ambulantes s' espenda froita que xa por non atoparse ainda en comprobante estado de madurés e sazón, xa por averiada ou podrida, sóe ser causa de moitas enfermélas e d' as alarmas consiguentes.

Por regra xeneral sempre son os nenos as primeiras vítimas d' o esquecemento en que se ten a hixene pública, o cal esprícase pol-a natural afición d' estes á froita, qu' alcontran sempre esquisita xa esté verde, madura ou pasada, e tal inconsénte afán por satisfacer seu antoxo é a causa constante d' a mortalidá que n-esta estacion desarróllase n-eles, sementand' o loito e a tristura n-o fogar que denantes enchían de contento e alegría.

Mais val preaver que non ter que remediar tarde ou mal, como acontece de cote, véndose os municipios e as familias sorprendidos pol-o que debían esperar, pois estas disgracias son mais frecuentes d' o que nos imaxinamos, especialmente n-as crases menos acomodadas e faltas de recursos, porque véndose obrígalas pol-as diárias e peirosas

acupaciós á deixar abandonados seus fillos durante horas e horas, son estes facilmente enganados pol-as vendedoras, arrebañando con toda aquela froita qu' os axentes municipás deberan haber recollido e tirad' ó estercoiro.

Proba de que se descoida a inspeccion d' a froita qu' entra n-esta praza—com' a d' outros moitos articalos—dánnola nosos propios ollos, pois algunha cesta de cereixas houbamos visto estes dias n-os postos públicos que por mais que de media en media hora remollábáa abundantemente a espendedora non podia ser mais cativo o carís que persentaban: e sin embargo, ó pasar pol-o mesmo sitio algunhas horas mais tarde ouservamos qu' a venda habia sido moito mellor qu' o eran as cereixas, d' as que non quedaba unha libra n-a cesta.

¿Quedaría tranquilo e satisfeito o individo d' a comision de policia que tendo fillos soupese qu' estes habianse dado unha enchente de tal triaca, e non procuraria despreparar mais celo e aplicar correctivos ós inconsiderados vendedores que guiados solo pol-o afán d' o lucro non reparan en comportar a salú d' os seus fillos, dando márxen á gastos de méleco e botica cando non tamen d' enterramento?

Pois esa vixilancia qu' a eles está encomendada non a pode exercer o pái qu' está n-o taller, nin a náí que por cariñosa que sea e por moito qu' os queira, ten que rouba-lles o tempo qu' habia de

dadear á seu colado, pra empreálo en axudar á seu home á ganar o pedazo de pan n-estas pequenas e probes industrias que todos sabemos.

Grande é a responsabilidade que sobre si se bota a comision de policia, e pol-o tanto rogámoslle que se dine dar unhas voltas pol-a práza, e encargue ós celadores obriguen á facer retirar d' a venda toda crás de froita que non esté en boas condicións.

O público agradecerá as molestias e incomodos que se tomen e sabrállo recompensar o día que sallan d'o municipio recordando o seu nome con agrado, que debe ser a satisfacción mais grande de todo administrador d' o pobo, e encargado de velar pol-a saúde.

Anemo, pois, e que non se diga qu' a capital de Galicia non ten unha comision municipal de policia ou que si a ten acúpsa en cousas de pouca monta e deix' as de máis intrés, calas son os reconecimentos d' os alimentos, abondo adulterádos xá por disgracia.

### SOBR' OS TIOS.

Esta palabra ten, segun vostedes m' enseñan, duas acciós, unha propia co-a que desinase ós hirmás de nosos país, e outra figurada co-a que se quer significar á certos homes de pouco pelaxe, caeos ou comenezudos, e aplicado ás mulleres, as tias son.... *as tias*.

Si estas definicións non abentan, fagan vostedes o favor de mirar o Dicionario, que com' A FULIADA non ten por lema o consabido de "Limpa, fixa e dá esprender"—ou betun, que decian os limpa-botas—non se propón agora abrir unha cátedra, sinon solasmentes dicir catro palabras sobre a *especie*. Xa comprendo qu' o asunto ten espiñas, pois é caso de poder ferir sin pensalo nin quero a susceptibilidad d' alguén; mais pra que vostedes non s' ofendan d'o qu' eu poida dicir escomezarei por revelarlles qu' eu tamen son tio... pro d' os meus sobriños.

Pra facer un estudio ó direito d' os táes microbios—cando por sua mala condicion merescen este nome—é menester colocar ó tio e ó sobriño en certa situacion sin respecto d' o outro, por exemplo, o sobriño layando co-a fame e o tio ben farto e farrado en diñeiro.

Si se dá o caso de que s' atopen separados por unha distancia d' algunhas legoas, terémos qu' o primeiro, facéndose ilusiós mais ou menos xustificadas acerca d'a pretencion que d' o segundo se promete, non cesa de repetir á cantos queiran oílo que cando se li' antoxe lha de mellorar de fortuna, pois conta c' un tio moi rico qu' en canto o vexa botará seguramente a casa pol-a ventana.

Co-estas esperanzas, moita fame e pouca roupa pónse ó camiño sin encomendarse á Dios nin ó demo, e á cabalo, por supra s' o, d' a crus d' o calzós, pro cheo d'

d' alentos pol-a boa que ll' agarda ó termo de seu viaxe. Dempois de mil penas e calamidads que non son pra contar chega ó pobo donde radica o Cresco qu' o espera co-a lucha e os brazos abertos, toma informes, e afeutivamente, non marran as noticias qu' d'él tiña, e podeo facer felis, si quer e así lle prace, porqu' anque din que "non hai home sin home", non demostra ser moi cauto quen fia sua sorte á outros.

Pro, cómo persentarse á él? A roupa era cativa e acabou d' esfarraparse pol-o camiño; esto pouco supoñia porqu' ó fin a "vos d' a sangue" está por enriba de as preocupaciós e vanidads; pro hay outros medios, pra algo s' inventou a esqurtura, e logo unha cartiña ben posta fai milagres. Colle, pois, a pruma y-enche as caras d' un prego de papel de barba precutando esmerarse n-a reducion e n-a letra, sendo él en persoa o portador d' a carta; sube as escaleiras d' a casa d'o dichoso parente deténdose á tomar alento en todol-os descansos pois a emoeion que sinte, pensando que dreto de poucos istantes vano á afogar á apertas tios, primos e *tutta la canallota* é tan grande qu' hastra os folgos lle quita.

Por fin chama e entrega a carta á unha criada que sal á abriulle, e namentras espera o resultado escoita latexar seu corazon com' o péndulo d' un relós; pro pouh desencanto! a doméstica volve á aparecer co-a carta e dous realiños en prata postos enriba d' ela, dicíndolle ó tempo que lle dá co-a porta n-os fuciños:

—Que tome vosté eso e que Dios o ampare.

Non hay pra que decir como se quedará o coitado sobriño nin si lle medrarán as narices por moi chato que d' elas sea; pr' ó cabo e dempois de desafogar a coraxe en catro ternos e algunha quinterna, sal d' alí convencido de qu' os tios son.... uns tios.

Troquemos agora os papés, e supoñamos qu' ó tal tio ardeulle canto tiña e quedouse por por-as, e qu' o sobriño tirouse á afogar e remanesceu d' o fondo d' as angas c' un tesouro prendido n' os códagos.

¿Ai, d' estonces éche outra leria! Aquel tio lembrárase de qu' é hirman d' o pai ou nai d'o rapás. ¿Como pode él faltarme—dirá pra seu sayo—sendo parentes tan achegados? "O parente levaráte á pena, pro non te despena". E verdá qu' eu non o protexin cando debia e podía, pro socorrino con algo pra que non morrese co-a fame, e quen dá primeiro dá duas veces. Ademais, persentouse tan mal que daba noxo velo, e "débense negar os parentes cando veñen espidos", bon santo era San Pedro, e sin embargo negou á Xesús tres veces.

E facéndose estas refrensiós chégase ó sobriño resocitado, e consigne, ou non consigne, sua axuda, qu' esto depende d' o caranter de cada cal.

Por regra xeneral, non se reconocen por sobriños mais qu' os qu' están en boa posicion e figuran n-a sociedade. D' estes dise que teñen xuício, talent, gracia, elegancia, boas costumes e hastra que son goapos, etcétera, etc.; d' os outros dinse mil pestes. Axúdase ós primeiros, que non o necesitan, con total-as forzas, e con iguales ou mais axúdase tamen ós últimos... á fundilos mais pronto, porqu' considéranse co no un borron



n-a honra, cando a maior parte d' as veces sonno d' a conciencia.

De todo canto vou dicindo fago escencion en favor d' aqueles tios que non son tios, que cumpren e-os deberes qu' a consanguinidá nos impón á todos e obrando en xusticia prestan proteccion á o que mais a necesita. D' estes non pode decirse aquilo de "Teño un tio n-a Habana, que non é tio nin é nada."

Si se investigase ben, observariase que moitos desgraçados que viven n-a miseria e van despois á morrer n-os asilos e n-os hospitales, teñen parentes ricos qu' houberan podido redimilos á pouca custa, pra qu' en vez de seren cargas inútiles n-a sociedade, axudasen á producir e á levar as cargas públicas.

¡Cántos homes hay, solteiros ou casados sin fillos, cheos de miles de pesos, que tendo parentes que deixan vexetar n-a miseria, pasan por moi caritativos porque son membros d' un fado d' asociaciós católicas, namentras están infrinxindo os mais inmediatos deberes d' a caridá deixando perescer ós propios!

Moito dá qu' estudar ós homes pensadores o problema d' a susistencia d' as últimas crases sociás; pro eu pergunto, ¿qu' ha de ser a sociedade en xeneral mais qu' o refrexo d' as pequenas sociedades d' a familia qu' a compoñen? A ruindá, o egoismo e a inhumanidá de todas as partes teñen por forza que formar un todo ruín, egoista e inhumano.

¡Veni' ós que, escoitando solo a vos d' o corazón' poden desmentir e-os feitos canto levo argallado, que co-éles non vai esta cántiga sinon e-os que son uns tios de pouco mais ou menos.

A. V. T.

## LERIAS

¡ARRENÉGOTE, MODA! (1)

Abonda xa d' oración....  
porque de min non te libran  
nin Dios nin o demo, non."

(Eduardo Pondal)

Véxome hoxe n' un apuro  
por certo ven apurado.  
¡Pretender eu, mal pecado,  
ir contr' a moda!... ¡é seguro;  
vánme chamar un *chiflado*.

¡Quen será tan atrevido  
que cometa á tolería  
de falar mal hox' en día  
d' un asunto tan querido  
d' a xente de mais valía?

Parece mentira, afellas,  
qu' en Galicia a xente toda,  
mozas, solteiras e vellas,  
compoñan hastr' as gnedellas  
por mor d' o díaño d' a moda.

¡A moda! Reina tirana,  
fanática e caprichosa  
que, finxíndose miña diosa,  
traí a tod' a raza humana  
convertida en raza odiosa

¡A moda! Escarnio irritante  
de tod' as xeneraciós  
cuyas solas ilusiós  
son facerse repugnante  
inventando... ¡poliós!

¡A moda! Nombre adourado  
d' a xeneración presente  
que a venera con agrado:  
falsa deidá d' o pasado  
que se mofa hoxe d' a xente.

¡Quen é?... ¡Borraca pregunta!  
¡Quen mil díaños ha de ser?  
Unha madeixa sin punta...  
tod' a redienlez xunta...  
¿Que mais fai falla saber?

Ela, con mil agasallos,  
búlrase d' as señoritas  
pois vestíndoas d' *arrumillos*  
ás feas fainas bonitas,  
e ás bonitas... ¡espantallos!

E pra mayor irrisión  
d' a gran sociedade presente,  
toda muller que ante a xente  
vaya hoxe sin *fedechón*...  
¡xa non é muller decente!

Por eso hastra n' as aldeas  
de máis comprobeo abandono  
á que queira *dar-se tono*  
tén que, de modas alleas  
facel-o seu corpo dono,

En'hai que decir qu' é inxusto  
pois n' a aristocracia toda  
houbo fai tempo unha boda  
entr' o señor dou mal gusto  
y-a señora doña moda.

Así é que naturalmente,  
esta mal fadada unión  
tivo fillos... ¡como a xente!  
e un d' eles, o máis, decente,  
chámase *don poliós*.

Os demais... ¡Dio-los bandigal!  
Un por un a cal millor  
todos son tan sin rubor,  
abofé, que ... ¡non se diga!  
¡avergonzan o pudor!

Pr' as mozas que teñan gana  
d' atopar rapaz agora,  
non hai moda máis galana  
nin máis enfeitizadora  
qu' a moda d' a muradana.

Antes en festas e feiras  
tragulan coñias e dengues  
todas as mozas solteiras.  
Agora... ¡mangoleteiras!  
solo tran mil *perendengues*

Antes n' os tempos pasados  
gastaban as xentes finas  
zapatíños abrochados.  
Agora... os mesmos criados  
¡xa solo gastan botinas!

Antes eran verdadeiros  
gallegos os labradores  
e' os seus traxes churrusqueiros,  
y-agora... ¡hastra os zapateiros

(1) Premeada con accésit n-o certame de Betanzos de 1887.

son, pol-a roupa, señores.

Unha lustrosa chistera...  
unhos guantes, e un bó traxe  
de fuldris... ¡Quen o dixera!  
de un ninguén ou d' un calquera  
xa fan... ¡un gran personaxe!

¡Qu' escarnio!; E dicen qu' estamos  
r' o sigro d' a ilustración!

Y-hai quen di que progresamos  
¡Y-hai quen dice que gozamos  
d' a gran civilización!

Eu tamen digo, empreso,  
que a paso de can, lixeiro,  
progre amos con esceso,  
pois có este nóvo progreso  
progresau hastra... ¡os frasciros!

Y-a parte mais pronunciada  
que ten no corpo á muller,  
vese de cote abultada  
por esa moda endiañada  
que mesmo dá noxo ver.

E por mais que naide apréa  
tal invento, pra qu' abonde,  
non hai muller vella ou nova  
que non leve unha xoroba  
pegada... ¡non digo donde!

Que as mullers á p' r' fia  
cando salen á paseo  
vayan á estilo d' o dia  
vestidas, nin está feo  
nin é moita toleria:

Que os homes alucinados  
por unha pretensión vana  
queiran de mais mellor gana  
os pantalós apertados  
qu' os pantalós de campaña...

Que haxa corsés, e pulseras,  
e polisós... ¡natural!  
y-en fin, que no sigro actual  
haxa guates e chisteras,  
non me parece tan mal.

Pero que algúns insolentes  
que deberan desprecearse  
cámpen n' os tempos presentes  
de personaxes decentes  
¡eso non pode aguantarse!...

¿Onde se víron xamais,  
inda en tempos de *rescritos*  
desvergonzas d' esa cráis?

¡Decir qu' un xastre no máis  
ha de facer señoritos!...

¡Decir ¡e canto hai que ver!  
que para qu' un home poda  
ser persona de valer  
ha de ter qu' obedecer  
as leises d' a *reína moda*...!

¿Quen será esa puñesquera  
qu' así se ri d' a razón?  
E unha *reína maxadera*  
que ten por croa... ¡a perrera!  
e por trono... ¡o polisón!

¡Todol-os esgomitados  
que respeten *as chocheas*,  
anque sean us malvados  
con tal de qu' anden fincados  
xa está... ¡señores me feces!

Esquénzanse d' unha vez  
y- acaben canto máis antes  
e: as modas repunantes  
qu' son a reciculez  
de sabios e d' iñorantes.

Qu' eu, que son home chiflado  
por andar de festa en festa.  
teño xa prenosticado  
qu' o *dia menos pensado*  
son moda... ¡os cornos n' a testa

Eladio Rodríguez Gonzalez.

## Ó MÓR D' A LAREIRA

### O MAL FADO.

Nasceu n-a derradeira hora d' o cuarto men-  
goante d' a luna de Xaneiro e n-a crítica ocasion  
en que seus páis atopábanse á luna de Valencia.  
Non lembro que sino d' o zodiaco presidiu a chega-  
da ou arribo de Bartolo á este praneta, pro calcu-  
lando pol-a fealdá d' a sua cara e pol-o parecido d' o  
corpo ó d' un cangrexo, é de supoñer que fose *Scor-  
pio*, si ben mais tarde cando lle chegou o momento  
de casarse que lou sometido ó de *Capricornio*.

Tivo por madrastra á Natureza, qu' o gomitou  
de mala maneira dous meses antes d' o término que  
pr' os demais éla mesma sinala, e por madriña a  
cuasalidad, representada por un momento de mal  
humor de seu pái, quen pegándolle un cuce á sua  
parenta en certa parte adiantou o alubrimento e  
estivo n' un tris si desfai tod' o seu traballo.

A mesma condicion de nacer tan cativo fivo-  
resecuno esta ves, pois puido arregrárselle o verce  
d' unha caixa de puros, sin a que n' houbera habi-  
do en qu' arrolalo, tanta era a probeza d' os petru-  
cios, e quizais por esta causa sacou o coor de tabaco  
de folla pra tod' o resto d' a vida.

Os primeiros anos d' a vida de Bartolo pasaron  
entr' as vixigas, xarampon, garrotillo, lombrigas,  
carafunchos, saballós, etc, e-o que dito queda que  
se botou á andar á edá en qu' outros rapaces corren,  
brincan, xogan á estornela e andan ós grilos; pro  
estaba esquirto qu' habia de chegar o poleiro, e non  
houbo enfermédá de morte que se ll' astrevese.

Os dazaseis anos d' edá, si s' estricaba ben che-  
gaba co-a cabeza ás orellas d' o seu *canelo*, úneco  
amigo que tiña, y-era tan feo tod' o conxunto d' a  
sua persoa que xa resultaba graciosa e facia rir de  
lástema: nadia, por mal que quixese á un anemigo,  
houbéralle deseado maor castigo qu' as moitas bul-  
ras que caian sobre Bartolo; mais pra unha criatu-  
ra que ven con mala estrela cu *estrellado* todol-os  
males son poucos, e non habia de desmentirse o re-  
frán que de «*Todol-os golpes van é ferida*».



En tanto os demais rapaces adimítiron súa compañía y escomezou á voár e á meterse n-os seus enredos, tivo que pagal-o *debut* c' unha disgracia mais: estaban un día xugando á *morte*—escusado é dicir que pandaba él—e un langran d' un rapaz que pesaba por seis d' él brincoulle sobre d' as costas con tanta forza que lle crebou unha costela, asomándolle desd' estonces un hóso á maneira de mochila.

N-outra ocasion tentouno o diaño en figura d' outro rapás mais abispado qu' él á asaltar a froita d' un viciño; quedouse él d' a parte d' afora conviñendo antes c-o camarada en qu' éste lle botaria as mazás qu' él iría recollendo, pro inda non comenzada a faena cando rebotando unha mazán n-o balado d' a hórta foise direitiña á batir n-ollo direito de Bartolo, vaciándollo por complot.

Tod' o que vai relatado parecerá unha invencion increible, pro fixense en moitos disgraciados séres qu' atopamos ó paso, xa sean homes, animás ou euxetos calesquera, e non podrán menos de confesar qu' o conxunto de des fichas e faltas que n-éles se reuniron non parece obra d' a cuasalida e sí d' un fado croél qu' os tomou por xoguetes.

Mais volvendo á Bartolo, gardaban seus páis pra si un sacreto acerca d'él que desabelo os viciños houbera dado por resultado qu' éstos fuxiran d' a súa veira: este sacreto consistia n-o mal ollo e man disgraciada que tiña pr' as persoas e pr' as cousas. Si acariciaba un can ou un gato era seguro qu' adoeceían ou morrían d' un torzon ós pou os días; si axudaba á semear as patáceas, atacáballe o verme, e si as pelaba nunca cocidas se vian; non collía ola, cunca ou prato que non crebara, e abundaba qu' ó xantar pousara un dedo enriba d' a mesa pra que s' emboreallase algunha cunca de caldo ou a fonte d' a comida. O que mais habia que temer n-él era o mal infruxo d' a mirada d' aquel úneco e revoltoso ollo, sobre tolo canta mellor voluntá tiña ás persoas; e tantas probas de qu' esto era verdá tiñan seus páis qu' hastra ll' encargaran que non rogase á Dios por éles, pro en cambio mandábanlle rezar pol-a salú e felicidadá d' os que querían mal.

—Mira, Bartolo, —dicialle súa nai pra consclalo; non hay mal que por ben non veña: ti vas á entrar n-a quinta e verás como han d' adoeceer teus compañeiros ó ter que coller o fosil e ir á guerra, namentras tí quedaráste tan asosegado n-a tua casa.

Pro n-esto Bartolo dou un pequeno estiron, e como ademais xa estralar' a guerra civil e o promo estaba pidindo murallas de carne, decretouse a quinta sin talla, non valéndolle as moitas esceucións e defectos que tiña pra que libertara d' empuñal-o chopo e se vira feito un de tantos héroes.

E velahí outro capricho mais d' a negra sorte: facel-o inútil pr' o bó e útil pr' o malo.

Esta, que pra calquera e moito mais pra él, era unha disgracia, foi moi celebrada e ríla entre seus conveciños, e entre seus camaradas cando ingresou n-o cuerpo a que foi destina' o, donde axiña que chegou díronlle o emprego de *fainos-riv*. Si amanecía bo tempo e lles conviña ós soldados que chovera pra non ir a istrución, non se oía mais qu' o berro de «Poñamos á Bartolo á ventana pra que descompoña o tempo». Si pol-a contra chovía á hora d' o paseo, él levábase a culpa e os lapos, como si o ceitado andivera gobernando as nubes.

Bartolo non seria completamente disgraciado si ó par de todol-os seus achaques fose parbo ou rudo d' enten lemento, pois non hay disgracia donde non hay intelixencia; pro anque desimulado tras súa aparencia alelada e aquela cara cacarañada, tiña talento abondo pra comprender e medir a súa disgracia e a inxusticia d' a sorte e d' os homes pra co-él.

Apenas os quintos incorporados co-él ó batallon recibiron a istrucion nazaria pra manexar mal que ben o fusil, saliron á campaña, non sin denantes facer un escolmo de todos aqueles que pol-o seu fisico podrian servir mais que d' axuda d' estorbo n-as operacións: comprenderáse á primeira vista que Bartolo debria ser o primeiro pra que lar, pro n-este punto estiveron divididas as opinións d' os xefes.

—Deixémel-o morre: descansado;—dician uns movidos á compasion,—abonlo cangado vai e-o que lev' ás costas.

—Non, non; qu' árree pra diante; namentras qu' unha bala s' entretén co-él non li' atina á un home.

Esta última opinion foi a que prevaleceu, e en consecuencia Bartolo, cargando un petate enriba d' outro, quero dicir, sobr' a xoroba o morral, man-ta, fu il, racións y-cu non sei cantas cousas mais, tomou o pindingue, cal' outros moitos Cides de catro pés e medio de talla que somellando ánemas en pena arrincan bagoas de lástima á quen os vé desfilan pr' o matadeiro, e que n-oustante sirven de salvaguardia á miles de cibdadanos fortes, briosos e locidos que cando piligr' a patria quélanse n-as suas casas fiando n-a roca, porque dispoñen d' un puñado de pesetas ou teñen o pái alcalde.

Pro estas consideracións non preocupaban á Bartolo que tiña entretenemento abondo co-a súa cruz e calvario, sin que pr' asemellarse mellor ó Nazareno lle faltasen espiñas, bulras e escarnios.

O cabo d' algúns días de marcha atopáronse c-o anemigo que prapetido n-o monte parecía disposto á dar unha gran función d' esis en qu' os ambiciosos son os organizadores, os homes pacifios fan de fiera e os corvos corren co-a limpeza d' a praza. Quizais foi á Bartolo á quen menos lle tobaron

as pernas d' entre tod' aquel fato de valentes, por-  
que cobizaba n' orrer pra descansar.

A. V. T.

(Continuarase).

## FUNGUEIRAZOS

Gracias o señor capitán xeneral d'o destrito, souper-  
mos qu' o lus foi o día en qu' a Cruña celebra este ano  
o aniversario e as festas de Maria Pita. Mais adiante e  
cando se persenten as contas d' este mes, xa aparece-  
rá algunha parecid' a aquela de 770 pesetas, d' o mes  
pasado e que tanto lle chamou a atencion á un concexal.

¿Por que non se ademenistran certos gastos como  
as obras.

Respondemos qu' o señor Garcia Collazo, non tiña  
inconveniente en encargarse d' elas, e habia de facer  
algunhas economías, con tal de que seguise pensando  
coma pensaba hai poucos días.

D' a parroquia de san Xulian de Vigo, autamento  
de Paderne, desapareceu d' a casa *paterna*, e non se sabe  
seducido por quen, un viril de gran valor, regalo d' un  
Arzobispo, aló pol-o comenzo d' o sigalo dazasete, os  
cofrades de dita parroquia.

Os autuás cofrades non lles pareceu ben a *calaverada*  
d' o *velliño*, e deron parte o xugado de Betanzos.

Quen está desconsolado é o tutor ou *curador*, don  
Nicolás Lampón, cura d' a parroquia, n-a casa de quen  
fai xa tempo que s' hospedaba e de donde desapareceu.

Dios lle de pacencia e resinacion o señor abade, e  
lle tome n-o seu día en conta d' os seus pecados, os  
desgustos e marmulaciós por que pasa c' a tal fuga.

En Betanzos esperan d'un día á outro ó capitán de  
ixanieros señor Lallave, pra reconocer os adeficiós des-  
tinados a academia preparatoria militar.

Señores *piratas calexeiros*: Con total-a consideración  
que nos merece tan respetable cras, vamos facerlles o  
rogo seguinte. Cando sigan o rumbo a calquera criada  
e sobre tolo, cando vai acompañada de nenos, fagan  
o favor de ser algo mais comedidos n-o linguaxe, que  
de seguro non emprearian si foran convoya las por un  
respetable artilleiro. Si así o fan, nasoutros premiáre-  
mos c' o noso silencio, sinon o señor Llamas será o  
encargado de demandarlles n-esta vida, (léase perrera)  
pra o cal daremoslle os datos necesarios, pra qu' os re-  
compense c' o premio a que se fan acredores.

O número sete d' o segundo tomo d' a revista rexio-  
nal "Galicia" contén o seguinte sumario: El regionalis-  
mo en Galicia; por D. Leandro de Saralegui y Medina.  
—El Favorito; por D. M. Macías.—El dialecto; por D.  
Joaquín de Arévalo.—El poema de la ausencia; por D.

Aurelio Ribalta.—Toros en Lugo en 1579; por D. Aure-  
liano J. Pereira.—Un recuerdo; por Doña Emilia Calé  
Torres de Quintero.—Documentos inéditos.—Las cár-  
celes y fortalezas de Galicia en 1603; por D. A. Martínez  
Salazar.—O ceguíño. ; or D. Amador Montenegro y  
Saavedra.—Dos cartas; por D. J. Barreiro Meiro.—Sem-  
pre ó mesmo; por D. M. Leiras.—Epigrama; por D. E.  
Nuñez Sarmiento.—Los tres espositos- por D. Marcial  
Valladares.

E unha radical medida  
que ten mais de tres bemoles  
a medida d' a subida  
d' os dereitos d' alcoholes;  
porqu' ou ben corrixe o vicio  
n-os cativos bebedores  
ou dá resultados peores  
sacand' a bolsa de quicio.

N' hay que negarl' a razón,  
aunque s' atope abusiva,  
á resistencia pasiva  
contr' a alemana invasion  
qu' en esencia de pataca  
ou espírito d' o... escusado  
ten á Galicia inundado  
e tanto cartos nos saca.

Mais eu ouservo qu' o Fisco  
logra c-o decreto, en suma,  
róer a pública fortuna  
e dar á industria un bellisco.

Paga o alcohol á introducion  
á Hacienda e ó Amtamento,  
e outra vez e mais de cento  
ll' imponen contribucion.

Si chega, pois, á montaña  
ha de vir xa tan gravado  
qu' o labrego, acongoxado,  
non volve á probar a caña;  
e aínda n-a vila, os cadrís  
lles parte á catro industriás  
que vendían agoarrás...  
digo, caña ós palanquis.

E así non habrá mais monas,  
nin mais roturas de testas,  
nin puñaladas n-as festas,  
nin parrandas nin zantonas,  
nin tendas de pimenton  
donde agazopaða a xente  
entra moína e sal valente  
camiño d' a prevencion.

Sesion municipal d' o lus.—As cinco e cuarto d' a  
tarde e baixo a persidencia d' o señor Lloreda, abrius-  
e a sesión. Non tomou medo por que ademais d' sacreta-  
rio e d' os señores Mesa e Morodo acompañábamolo ó  
porteiro e outra tres personas mais.

O sacretario leu a auto e foi tan aprobada, coma  
cando asisten os trinta concexás.

As cinco e media entran os señores Casares, Lame-  
la, Pardo, facendo mais tarde, Villardefrancos e Blanco.

Á persidencia doise d' a falta d' asistencia d' os con-  
cexás as sesións, e propon mudal-as horas a ver si d' esa  
maneira pode ver reunido maor número.

Despois de discutirse lixeiramente, acordouse, que



d' a qui en diante celébranse as sesións as nove en punto sin concedel-a media hora de *cortesía*.

O señor Collazo entr' as seis menos cuarto.

Lése unha comonicação d' o delegado d' hacienda pra qu' en cumprimento d' o que dispon a lei, nombren dous concexás pra proceder os aforos d' os alcoholós.

Suspendid' a sesión por cinco minutos, pra <sup>3</sup>poñer-se d' acordo; e volt' a ranudar, procedeuse a votación e foron alexidos os señores Mesa e Morodo. Durant' a suspensión, entróu don Pabro Sanchez.

O lér a primeira petición de licencias pra obras, o señor Pardo piden quedase *sobr' a mesa* por oito días. Veremos que sal d' aquí.

Aprobaronse as contas presentadas correspondentes o mes pasado.

A comisión de policía, propon o en anche d' as portas d' o matadeiro pra que poidan dar pas' os carros que dentro d' us días empezarán a prestar o servicio de conducir as carnes as tabraxerías.

O alcalde propon, qu' en vista de non estar aprobados os presupostos, rixan os d' o ano pasado, a estilo d' o que fai o goberno de Madrid, entramentras non sean a probados pol-a xunta d' asociados.

Com' a petición era xusta, foi aprobada, levantando se a sesión, por non haber mais asuntos de que tratar.

Mentira parece qu' o auntamento d' unha capital de provincia non celebre sesións ordenarias mais qu' en determinados casos.

¿Pra cando gardará as multas o señor Lloreda? Non sabe que de seguir despensando tanta tolerancia d' a falta d' asistencia a sesións, espense a qu' os maliciosos pensen qu' a alcaldía non ve con desgusto a falta de certos e determinados concexás?

Desengañese que con súplicas non se fai nada e menos con mudar locas.

Sumario que contén o número doce d' a revista quincenal "Galicia Humorística" que se publica en Santiago:—Nuestros colaboradores; por D. Enrique Labarta.—Atención!—Revista de la quincena; por D. Arturo Penas Albeioq.—Tolerias; por D. Alberto Garcia Ferreiro.—Os tres irmáns; por D. Marcial Valladares.—Mullerira monorrítmica; por D. Manuel Carros Enriquez.—Paco Roque; por D. Juan Neira Canela.—En el abanico de una niña de cinco años; por D. Luis A. Mestre.—Madrigales; por D. Salvador Golpe.—Receta para los tuertos; por D. Benito Losada.—El postre d' almuerzo; por D. Daniel Alvarez.—Tanto monta e monta tanto.; por D. Francisco Maria de la Iglesia.—Los cohetes; por D. Luis Taboada.—Madrigales; por D. Gumersindo Lavande.—Balada gallega; letra de D. Aureliano J. Pereira y musica de D. José Maria Montes.—Bequer y yo; por D. Enrique Labarta Pose.—Las probanas; por D. Jesus Muruais.—Cantares gallegos. por D. Manuel Martinez y Gonzalez.—Agudezas y anécdotas; por D. Marcial Valladares y D. G. L.—Geroglífico.

Coma supoñemos os nosos lectores <sup>1</sup>enteirados d' o

auto salvaxe levado a cabo dias pasados, por un sifirito, n-os xardís de Mendez Nuñez, contra unha respectable e descuidada presona, e ademais crémus qu' estaré baix' a aución d' os tribunás de xusticia, non n-os acupamos d' el como se merecia. Tamen confesamos o noso temor de qu' o tente o diablo a facer de nasoutros a terceira vítima. As vece danse casos.

Inventariand' os muebles de Xan Hortas, persent' o executado, está a xusticia, y-aquél, vendo facel-as tasas cortas,  
—¡Non me conformo, —berra, —aquí hay malicia!  
—Seis cubertos de prata, ó *parecer*, qu' éu xunto n-un real tasa o perito....  
—O *parecer*—di Xan—non s' han de ver lonxe os muebles d' a casa d' o infrascrito.

E n-a terra, según din deade que se descubreu, e si algun d' aló esquirbeu eu suas cartas non leín.

Non viña aló a neve mal anqu' en coiro andar s' estila, y eu supoño que s' alquila dempois d' o Xuicio final.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña

## XASTRERIA DE JACINTO SEOANE

Canton Pequeno, núm. 12, baixo

N-este establecemento confeccionase toda crás de prendas de vestir pra señores e nenos, con arreglo ó último figurín d' a moda e co-a perfección, prontitud e economía que ten acreditado con seus numerosos parroquianos.

Canton Pequeno, 12, baixo

## ANDRÉS MOSQUERA

Santa Catalina, 34, principal.

Se construyen dentaduras artificiales por todos los sistemas conocidos.

*Especialidad en trabajos en oro.*

# ANUNCEOS

## PAPELERIA. LITOGRAFIA

E OUXETOS D'ESQUIRTORIO

**M. ROEL,**

**54-Real-54**

Compreto sortido en toda crás de papés de fio pra oficinas—de folla longa pra preódecos e obras—bonifios papés pequenos e comerciás pra cartas—tintas, apiceiros, prumas e canto fai falla n-os esquirtorios, —compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, así como famén articulos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi cuquiños pra rezar n-a eirexa señoras e señóritas.—Libros con siguideiros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dúcia de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo bonitiñas cousas e-os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquenas follas abondo con vistosos escres; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d' os corpos armados, papés e-os timbres moldeados; empresos pra contas, libros siguideiros de mais ou menos follas, como fause tamen moi boas TARXETAS brancas, de loito e con escudos d' armas ou outras alegorias. Etiquetañas pra os feires, botellas de viño, cervezas e pr' as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esquirbir tanto n-os comerciós, esquelinañas pra noticear casamen-  
tos, e outras cousas que por ser moitas se m' esquencen

54, calle Real, 54—A Cruña

**MARIANO VAL E C.<sup>A</sup>**

5 anta Catalina, 17

## Viños d' Aragon, Castilla, Blanco Chielana, Riveiro e Valdepeñas.

Viños de mesa como eles n-os atopades n-o pobo, dan forza ós convalecentes, curan o cólera morbo, ós vellos dan longa vida, ás casadas dán refolgo e se contan moitos casos de rasucitar ós mortos.

E o sacreto d' estas curas beber un neto d' un sorbo, e repitindo estas tomas pagar ben e pedir outro. Pra piñar entre comidas o Chielana é como un ouro, e onte un vello qu' o catou saleu d' ali feito un mozo. NON MAIS CALVOS, qu' este viño fai medral-o pelo á moitos, si con magras de ramon dan unhas fregas é estógamo.



ZAPATERIA BRIGANTINA

DOMINGO TENREIRO E COMP.

Rúa Travesa, 12—Betanzos

N-esta conecida tenda, á que xusta fam' abona, hay canto a moda pertenda, bó e barato, ¡qu' é perbenda n-estes tempos, segun' sona!

Hastra d'o confin d'a terra veñen aquí os materias; e aqui, co-a rutina en guerra, faise o calzado, á compás d' as nociós qu' a cencia encerra.


Estética, Xeometría son mayestras n-o taller, direutor' a Natomia, e dáse os pés outro sér e ó corpo mais gallardía.

## GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO

Calle d' Orzan, 68

N-este acreditado establecemento tiñese de todol-os colores e quítanse toda clás de manchas ás roupas, así de señoras como de cabaleiros; ademais lávanse cobertores de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira e sácaselles o pelo; todo moi baratiño e co-a prefeucion que ten acreditado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.



## A FULIADA

PREÓDECO SEMANAL D' INTERESES MORÁS E MATERIAS.

Sal á lus todol-os xueves

Precio de suscripcion:—Oito cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande

EMPRENTA DE

**A. AMENEDO PONTE**

Rua d'a Fita, núm. 7

Faíse aquí toda clás de traballos, ben e barato.